



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE AMPLÍA O PRAZO DE SOLICITUDES DA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE INTERCAMBIO CON ESTADOS UNIDOS (EEUU) PARA O CURSO ACADÉMICO 2024-25, NO MARCO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A REDE *International Student Exchange Program* (ISEP)

Trala publicación da convocatoria de prazas de intercambio con Estados Unidos para o curso académico 2024-2025 e dado que a Universidade de Vigo organiza probas TOEFL o día 2 de decembro de 2023, esta reitoría

RESOLVE:

1. Ampliar ata o **2 de decembro de 2023** o prazo de presentación de solicitudes, admitindo os resultados das probas TOEFL realizadas ata esa data.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O REITOR
Por delegación R.R. 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)
A vicerreitora de Internacionalización

Mª Isabel del Pozo Triviño

